

CUADRANTE



CONGRESO NACIONAL
LA GALICIA DE VALLE-INCLÁN
A POBRA DO CARAMIÑAL 2004

Nº 16

 Amigos
Valle Inclán

Vilanova de Arousa



CUADRANTE



Revista cultural da
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”

*CONGRESO NACIONAL: LA GALICIA DE VALLE-INCLÁN
A POBRA DO CARAMIÑAL 2004*

so Amigos
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9

VILANOVA DE AROUSA.

APARTADO DE CORREOS Nº 66

www.amigosdevalle.com

Decembro 2007

Director:

Gonzalo Allegue

Subdirector:

Francisco X. Charlín Pérez

Secretario de redacción:

Víctor Viana

Consello de Redacción:

Xosé Luis Axeitos

Ramón Martínez Paz

Xaquín Núñez Sabarís

Xosé Lois Vila Fariña

Ramón Torrado

Sandra Domínguez Carreiro

Xestión e administración:

Pablo Ventoso Padín

Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:

Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

Deseño e maquetación:

Nieves Loperena

Imprime:

Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.B.N.: 84-87709-99-0

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.

SUMARIO:

Antonio González Millán

Pórtico: la Galicia de Valle-Inclán páx. 5

Margarita Santos Zas

Valle-Inclán, "Un gallego extraordinario"páx. 7

Javier Serrano Alonso

Galicia en una visión poliédrica de don Ramón. Las manifestaciones de Valle-Inclán sobre asuntos gallegos..... páx. 25

José Manuel López Vázquez

Valle-Inclán y el arte gallego páx. 42

Francisco Singul

Espacio monumental y paisajes literarios. Paradigmas de la casa hidalga gallega en los textos de Valle-Inclán..... páx. 75

Suso de Toro

A relación entre escritor individualista e o mundo do que sae páx. 93

Manuel Guede Oliva

Políticos bien: 1998. Unha cala valleinclaniana na historia do Centro Dramático Galego páx. 105

Sandra Domínguez Carreiro

Josefina Blanco, una mujer desconocida páx. 111

Xaquín del Valle-Inclán Alsina

El arte de la imprenta y las variantes de texto páx. 129

Rodolfo Cardona

Valle-Inclán en Nueva York: 1921..... páx. 143

Rosario Mascato Rey

Tiempo y modernidad: Bergson, Valle-Inclán y García Martí páx. 149

José Payá Bernabé

Reflexiones en torno a Blasco Ibañez, Azorín y Valle-Inclán..... páx. 160

Andrés Peláez Martín

Escenografía en Valle-Inclán en los teatros nacionales..... páx. 168

Juan Aguilera Sastre

Rivas Cherif, amigo, crítico e intérprete de Valle-Inclán..... páx. 182



MINISTERIO
DE CULTURA

Esta revista ha recibido una ayuda de la Dirección General del Libro Archivos y Bibliotecas para su difusión en bibliotecas, centros culturales y universidades de España, para la totalidad de los números editados en el año 2007

CEDRO

La Editorial a los efectos previstos en el artículo 32.1 párrafo segundo del vigente TRLPI, se opone expresamente a que cualquiera de las páginas de *Cuadrante* o partes de ella sean utilizada para la realización de resúmenes de prensa. Cualquier acto de explotación de la totalidad o parte de las páginas de *Cuadrante* precisará de la oportuna autorización que será concedida por CEDRO mediante licencia dentro de los límites establecidos en ella.



POLÍTICOS BIEN: 1998. UNHA CALA VALLEINCLANIANA NA HISTORIA DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Manuel Guede Oliva

Señoras e señores, deben de me crer, teñen que me crer, cómpre que me crean: o que lles vou contar foi certo. Aconteceu en Compostela, en entrando a noite, no enigmático, no estrañísimo, no abrumado outono de mil novecentos noventa e oito.

Procede esta advertencia no proemio porque tamén a min, de non ser testemuña avanzada do suceso, habería de me resultar improbable situar o episodio noutro ámbito que non fose o da invención: adxudicáriallo á pueril pretensión apócrifa dalgún chisgarabís desatinado teimando en cultivarlle lendas a San Ramón Nonato, digo, a don Ramón María del Valle-Inclán.

Naquela hora de autos, os que eran, entón, director e xefe de produción do Centro Dramático Galego ponderaban, no ambigü do Teatro Principal de Santiago de Compostela, a conveniencia de aceptar a derrota, declararse cautivos e desarmados e suspender a función que baixo o rótulo de “Valle-Inclán 98”, a Compañía Pública de Teatro de Galicia estaba defendendo sobre a escena.

Fóra, na Rúa Nova, aquela mesma pola que tantas veces pasara don Ramón universitario, unha galega moitedume patriótica elevaba os seus cantos de combate e acompañándose de heteroxéneos instrumentos musicais (zumbas, cacerolas, bombos, tambores, sereas, culleres, megáfonos...) coreaba consignas exemplares destinadas a fortalecer a unidade e moral do colectivo, executando unha contundente cacerolada crepuscular: “Gibraltar español, Valle-Inclán también”, “Y la próxima que sea de Camilo

José Cela”, “Guede la sal, Helena la pimienta”, “Ollo ao portugués” “Próxima estrea: Valle de los Caídos”, “Como dialecto aún nos Valle”... e cousas variopintas de inefable embergadura dadaísta, posiblemente impenetrables para quen non estivese ao cabo da rúa de todo aquel dislate. Tratábase, en resumidas contas e segundo os postulados anticolonialistas dos manifestantes, que polo ben da lingua e da cultura galega, era necesario, a calquera prezo, sabotear aquela ameazadora función españoira, desafío inquietante e pavoroso ao proceso de normalización lingüística de Galicia, punto de inflexión que constituiría un antes e un despois na historia social da nosa lingua.

Apenas transcorreran vintecinco minutos infernais dun espectáculo teatral que alcanzaba preto de cinco horas. Porque aquela función poñía en pé catro textos do señor do Viana del Prior. Eran, por esta orden, *Las galas del difunto*, dirixida por José Martins, *Ligazón*, por Manuel Guede, *La cabeza del Bautista*, por Helena Pimenta e *El embrujado*, por Eduardo Alonso.

Vintecinco minutos, señoras e señores, nos que, Juanito Ventolera e a Daifa e Madre Celestina e don Sócrates Galindo e o resto do reparto enfrontaban dúas batallas desiguais. Para unha, ensaiaran. Para a outra, para a da



Teatro Principal de Santiago de Compostela

estulticia atronadora, teño a impresión de que nin os deuses tomarán medidas nunca. O ruído que chegaba da rúa declaraba o estado de sitio no escenario. Naquelas condicións impoñíase a evidencia. O máis razoable era baixar o pano, pedir desculpas ao heroico público presente e facer reconto das desgracias. Pero velaiquí que non, no momento no que o Boticario lle reclamaba a Juanito Ventolera a carta do conflito e por ela descubría que a súa filla, a Daífa, fora posta nos brazos do pecado e sopesaba a intención de se trasladar a Lisboa, onde din que as españolas son moi estimadas, e por aquela descuberta, “el desconcierto de la gambeta y el visaje que le sacude la cara, re- vierten la vida a una sensación de espejo convexo...”, é dicir, xusto no instante no que César Martínez, que en paz descanse, o actor que defendía a don Sócrates Galindo, compoñía un cadro de fulminante infarto... na Rúa

Nova facíase o silencio. Un delicadísimo silencio paliativo... ¡Qué efecto dramático, señoras e señores! ¡Que momentazo! ¡Nin que estivese ensaiado! ¡Nin que fose experta argucia de José Martins, o bo amigo portugués de Viana do Castelo, o cómplice de tantos proxectos transfronteirizos, o director encargado de defender *Las galas del difunto*! Pero non, el non fora. A súas relacións co nacionalismo galego, cónstame que nunca foron cordiais. O de “ollo ao portugués” ía por el. Descartada esa hipótese dirixinme á rúa para cerciorarme de que non confundira realidade e desexo. Pero así acontecían as cousas: da esforzada moitedume apenas quedaba un orballo. Achegueime, daquela, a Moisés e Ramón, os dous todoterreos que atenden do Teatro Principal, e que apostados na porta tamén comentaban adeuses.

-¿Que pasou?, preguntei en pretérito indefinido, que é sempre como preguntamos os galegos, incluso nestes casos recientísimos.

-Nada, —respondeume Ramón—, que baixou a viúva do segundo e encarándose con todos os presentes espetoulles: “¡Un respeto, por Dios, que en el segundo hay un muerto!”.

A miña perplexidade ía en aumento. ¿Un morto no segundo...? Ramón percibiu o meu desconcerto e con aceno pillabán, ao que non lle faltaba solercia picheleira, sinaloume o portal da casa de enfronte, onde de xeito ben visible estaba situada unha desas mesas de dó na que amigos e coñecidos asinan o último compromiso co defunto.

Efectivamente, enfronte do Teatro Principal de Compostela, aquela noite do dezaséis de outubro de mil novecentos noventa e oito estaba procedéndose a un velorio.

Non rían, señoras e señores, non se esmendrellen, o que lles conto é moi serio.

O que non lograra a policía nacional, apostada ás portas do teatro e limitada na súa tarefa preventiva a impedir altercados e a non intervir se o asunto non chegaba a lincha-

mento, resolvéao esta anónima viúva santia-guesa, coma unha arrebatada maría pita pi-cheleira, reclamando o dereito a sufrir en fa-chendoso silencio a perda dun ser querido. Ela sola acadou a orde. Unha docísima sen-sación de bálsamo traspasounos a todos. E a función continuou sen máis alarmas. O velo-río, supoño, que tamén.

Erguín a ollada e dobrando a esquina po-la Rúa de Xelmírez pareceume observar a fi-gura inconfundible de Valle-Inclán retorcén-dose de risa.

Non polo do morto do segundo. Sabe-mos que don Ramón era moi considerado con tales episodios. Senón ao comprobar ao que chegara o seu esperpento. ¡A Policía Nacional con uniforme antidisturbios prote-xendo o Teatro Principal de Compostela pa-rra que Juanito Ventolera, por exemplo, pui-dese proclamar en liberdade: “*el hombre que no se pone fuera de la ley, es un cabra*”!

Ver para crer. Vostedes, se cadra, nono vi-ron e eu podo entender e ata facerme cargo da súa incredulidade... pero, señoras e señores, xúrolllo pola Santa Marigaila, isto aconteceu de veras. Incluso hai testemuña fotográfica.

¿Pero como se chegou ata aquí? ¿Que centella aconteceu no meu país no ano mil novecentos noventa e oito para retratarnos escribindo unha das páxinas máis bochorno-sas da historia do teatro europeo no último cuarto do século pasado? ¿Que clase de lou-cura transitoria percorreu esta esquina do mundo para converter ao máis grande de to-dos os galegos en galaica cuspidreira de infamias e en ourinal de aldraxes? ¿Que perpetrou contra Galicia don Ramón María del Valle-Inclán para que sesenta e dous anos despois da súa morte unha moi considerable propor-ción dos seus intelectuais respondese “aldraxada” e cunha contumacia poucas veces fre-cuentada no ámbito da nosa cultura á iniciativa do Centro Dramático Galego de levar a esce-na catro textos do xenio de Arousa? ¿Que mal-

querencia desmedida suscita don Ramón en-tre as forzas nacionalistas galegas para que a súa obra siga instalada no exilio real da nosa práctica escénica e na exclusión dun NÓS que en aras dun soberanismo lingüístico digno de mellor causa renuncia ao seu teatro e nos atrin-cheira nun refuxio mediocre?

O que pasou chámase esencias. Resis-tencialismo. Guirigai machote dunha comba-tiva mocidade intelectual, celadora da pureza da nosa identidade. Suposta agresión á lingua galega. Ecos de non pasarán. ¡Pobre don Ramón! O que pasou chámase medo.

Valle-Inclán é “español”, escribiu en cas-telán... ¿escribiu en castelán!, ¿escribiu en cas-telán?, e claro, o Centro Dramático Galego naceu para defender a lingua galega, o teatro en lingua galega; eses son o seus presupostos artísticos e esa a única xustificación dos seus presupostos económicos e ese obxectivo é in-negociable, dixeron, fixaron, proclamaron in-telectuais e políticos da cousa nosa, tradicio-nalmente ausentes da cousa do teatro. ¿Innegociable? En non poucas ocasións nos últimos anos, esa mesma institución estable-ceu coproduccións no marco do “Eixo Atlántico” cos nosos veciños portugueses sen que o aparente conflito lingüístico provoca-se ningunha impugnación. Pola contra, reci-biu, por parte destas xentes, o beneplácito da calada, que é a breve usanza coa que habi-tualmente se practican aquí os parabéns.

Pero non anticipemos os acontecementos. Neste “ruedo ibérico” todo ten máis anos e máis pregues e máis voces de inxesta.

Alá, por 1922, cando don Ramón María del Valle-Inclán andaba afanado na edición de *Cara de Plata* e nesa mordaz miniatura dia-logada que leva por título *¿Para cuándo son las reclamaciones diplomáticas?*, en Galicia ve a luz un manifesto de incendiaria vocación artísti-ca. Vai asinado por un novísimo poeta na-cionalista que habería de lle dar versos sola-res á literatura galega e un pintor aínda máis

novo. Son Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro. Os dous rubrican en solto *Máis ala*: “sen pretensións de suficienza doctoral nin de ningún outro xeito somellante, a rebeldía d’uns mozos galegos fai esta chamada a Mocidade intelectual da nosa Terra”.

Naquella proclama, entre outras moitas cousas inflamadas, dicíase no epígrafe segundo:

“Pollitos bien”

Comenzaremos invocando a Valle-Inclán.

Maestre: Chamásmolle maestre por ser vostede o maestro da Xuventude imbécil de Galicia. Noso, non: que, endebén, sabemos comparar a súa modernidade coa cobardía do debre que tan só pode vivir facendo claudicantes concesións ó forte.

Non tería o seu nome acolleita nistas liñas si quixéramos tan só chamarlle aquilo. Pero ten que ser ó falar dise fato de cabezas focas, nenos “foulard e de rubi”, engaiolados polo innegable prestixio da prosa e da ridícula mintira dunha epopeia aventureira que vostede, unha e outra, falsifican.

Sabemos que con intremedios himnarios ó Gran Pontífice da Baldeireza en traxe de festa (Este Gran Don Ramón...) entran a estrago pola fala meseteira, con gran desprestixio dela, por certo. Tamén sabemos que adoece de imbecilidade, inxénita ou contaxada, e que a vostede lle debemos o telos levado para “alá”. Isto derradeiro é cousa que nunca ben lle agradeceremos.

Agora, o que quixéramos conseguir da súa incensada persoalidade sería que intensificase a campaña castelaizante, porque nos arrepiá o pensamento de que eles se cuidasen chamados por istas nosas verbas de mocidade e chegase algún a desertar da lingua de Cervantes pra vir a baldeirar na nosa Fala as producións do seu serrín encefálico. Isto estaría moi mal. Mal pra o castelán, idioma oficial da cursilería, que, polo mesmo, ten dereito a aquelas cousas; e mal pra o galego, dino de moita mellor sorte.

E a vós, probiños mamaleites literarios, desexámosvos cordialmente que calquer día vos pubriquen un verso na derradeira folla dunha disas inxentes revistas madrileñas, doada palestra dos vosos esforzos, que é o máisimo desideratum voso.

Madrí precisavos pra persoaxes da súa opereta”.

Manuel Antonio morreu con trinta anos e descoñecemos se coa idade dobrada sería capaz de manter o escrito. Son os privilexios de

rivados dun cadáver prematuro. Pero de Álvaro Cebreiro, xa maduro e sensato, faleceu en 1956 con cincuenta e tres anos, coñecemos o seu afán reconciliador co “mestro da xuventude imbécil de Galicia e gran Pontífice da Baldeireza en traxe de festa” e rematou por dedicarlle unha magnífica e sentida caricatura.

Está ben o arrepentimento, decote é exercicio reparador. A adversidade do xesto é que case sempre se produce a destempo e cando o dano foi xa irreparable...

Pois ben, é o momento de declarar que eu mesmo confeso estar arrepentido.

Eu, tamén, con dezasete anos, cheguei a subliñar palabra por palabra, aquel epígrafe volcánico. Porque aquel manifesto manuelantoniano formaba parte do material doctrinario que se cursaba en seminarios de proselitismo nos anos setenta, destinado á formación política de xoves patriotas auténticos, non de folla de lata, e de penetrantes revolucionarios para os cales a liberación nacional e social de Galicia serían as dúas caras dunha mesma moeda. Alí, naqueles seminarios de orientación política nacionalista Don Ramón María del Valle Inclán pertencía ao xeneralato do exército inimigo.

Eu frecuntei tamén aquelas células revolucionarias, nacional-populares. Eu tamén, por tanto, fun instruído no odio a don Ramón. Sei do que falo. Forma parte da miña biografía... E aínda que o queiran negar, como negaron moitos anos despois, a campaña de insidias, o desprezo brutal exercido no Ourense da miña mocidade contra Eduardo Blanco Amor, o rescate da memoria terá que ser para todo e para todos. Non usado segundo conveniencias estratéxicas.

Afortunadamente resultou máis decisiva na miña formación posterior a miña paixón polo teatro que a miña devoción polas bandeiras e axiña pasei a formar parte dos condeados, dos traidores e ata dos herexes a todas as patrias.

Pero vaíamos “máis alá”: aquel manifesto que Cebreiro e Manuel Antonio volcanizaron podería situarse nun exceso propio do seu tempo, época pródiga en manifestos, e ser analizado, exactamente, no contexto no que se produce, e máis que reivindicar os contidos facer fincapé na actitude de rebeldía que substancia e na que un xove poeta e un pintor máis novo aínda lle esixen a unha sociedade adormecida o seu urxente espabilamento e aos seus artistas, a renovación. Todo resultaría moito máis razoable e algúns poderíamos seguir lendo ao magnífico poeta que foi Manoel Antonio sen imaxinarlle caíns. ¿A que responde, tantos anos despois, esta burda manipulación? Se cadra é porque seguen existindo demasiados rapaveles dunha memoria menor que carroñean inquina e infectan rancores nacionalitarios co único propósito de afiliarnos a unha identidade que así é vergonzante, escura, mediocre, dubidosa.

E claro, a forza de empachos, algúns de nós, a estas alturas do documental, xa só subliñamos unha nación: é a que ten por capital Viana del Prior. E digo máis, se existe Troia, seguramente, a súa milagre se chama Homero. Se algunha vez Galicia se dispase na néboa, nunca o faría definitivamente. Teríaa deixado escrita para sempre don Ramón María del Valle-Inclán.

Son dos que considera que Galicia conta con dous activos culturais de valor incontestable. Un é a catedral de Santiago e todas as súas consecuencias. Felices circunstancias que se reflicten no seu Producto Interior Bruto. O outro é Valle-Inclán. Os ingleses a Shakespeare fixérono industria, factor estratéxico preeminente que se manifesta no seu produto interior bruto. Nós a Valle-Inclán mantémolo en corentena, castigado en galeras galegas pola pouca consideración que lle tiña ao galeguismo. E non nos enganemos, hai moito tempo que en materia cultural é o nacionalismo galego quen prescribe o diktat por estes pagos. E

quen se atreva a desobedecer, quen se declare insumiso, fará ben en orientar a súa actividade creadora ao territorio gastronómico, espacio no que sendo o lacón con grelos ou a empanada aínda os pratos nacionais hexemónicos, non se decretou, aínda, que se saiba, ordenanzas excluínates ao respecto, e hai unha emergente cociña galega á que non se lle prohibe indagar con productos extranxeiros.

O vinte e sete de marzo de mil novecentos noventa e oito, o Centro Dramático Galego anunciaba aos medios de comunicación o compromiso de animar un proxecto escénico de carácter excepcional. Tratábase de acompañar a iniciativa que desde o Consello de Goberno da Xunta de Galicia se declarara poucas semanas antes. Estábase a inaugurar un centenario concluínte na historia de España (1898) e, cando menos, aquilo merecía unha mirada, unha reflexión galega. O Goberno da Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura desenvolvería unha programación disposta a lembralo, a debatelalo, a concluílo e Valle-Inclán, algúns tivemos esa impresión, fora o notario máis solerte daquel desastre, daquel fatalismo seminal que atravesou a nosa península, de parte a parte, abaneándoa en dolorosas perplexidades refundadoras.

Celebrar o centenario do noventa e oito e ignorar a Valle-Inclán, sería, como escribiu no su día o meu bo amigo Anibal C. Malvar, “un contradiós de traca y foguete, esperpentizante, valleinclanESCO y que tardaríamos al menos otros cien años en perdonarnos la elisión”.

No o fixemos. Eu era, daquela, o Director do Centro Dramático Galego e había moitos anos que me inmunizara das doutrinas impartidas en seminarios de orientación patriótica. E aínda abesullando o que ía significar aquela decisión excepcional decidimos afrontala, advertindo, iso sí, a quen correspondía, das consecuencias do tsunami. ¿En que se definía a excepción? Pois que por vez primeira

o Centro Dramático non defendería en lingua galega a súa proposta escénica. Habería de facelo no mesmo idioma no que o de Vilanova de Arousa a deixara escrita.

Un idiolecto, o de Valle Inclán que me permitirá propoñer unha aposta: xogaríaa unha mariscada na Pobra do Caramiñal a que somos a única sociedade lingüística de España á que non lle cómpre ningún glosario adxunto para comprender na súa totalidade *Divinas Palabras* ou *Romance de Lobos*... Retrancas da trama.

Aquela decisión, tal como nos temíamos, converteuse nunha aberta declaración de hostilidades. Aos poucos días de facerse pública, as forzas nacionalistas e os seus terminais orgánicos tocaron zafarrancho de combate: non faltou ninguén.

O asunto presentouse en termos de claudicación lingüística e rebordou, parece o destino de don Ramón, o estricto territorio teatral para situarse nun debate político sobre a defensa inalienable da identidade cultural galega. Asunto ben querido ao patriotismo. Talmente como se Valle-Inclán fose natural de Pernambuco. O teatro profesional galego pagou a peaxe da súa acta fundacional. Nacera contra Franco e a prol da liberación nacional de Galicia. Ribadavia e a súa Mostra de Teatro poden dar fe do que digo. Eu estiven alí. Eu era dos deles.

Tampouco serviu de nada a advertencia de que se trataba dunha excepción que non pretendía sentar precedentes, e que o Centro Dramático Galego seguiría defendendo no futuro os seus espectáculos en lingua galega.

Non serviu de nada.

A consigna era tocar a rebato. E tocaron, vaía se tocaron: preguntas no Parlamento de Galicia, artigos nos xornais, cartas ao direc-


tor, anónimos insidiosos, peticións de demisión, abaixo asinantes, asembleas, ameazas, improprios. Porque, coma vostedes se poden imaxinar, señoras e señores, finalmente rematou por se producir unha inevitable escisión naquel patriótico movemento. Moderados e radicais desencóntraronse no procedemento. E xurdiron dúas tendencias.

A primeira era partidaria dunha estratexia preventiva. Para ese mester organizou a súa loxística e encargou a varios escritores a tradución ao galego dos catro textos respectivos: “As galas do defunto”, “Ligazón”, “A cabeza do Bautista” e “O enmeigado”. O plano consistía en contraprogramar con lecturas dramatizadas as funcións do Centro Dramático alí onde este actuase. Non lle podo trasladar ningún comentario sobre a bondade das devanditas efemérides porque non asistín a ningunha. Pero eles afirman que foi todo un éxito. Eu non lles teño por qué dudar da súa lexitima testemuña.

Aos escindidos, pola contra, tanta lectura dramatizada, aínda que fose en lingua nacional, ademais de resultar moito laborioso parécíalles remilgo pusilánime, unha cousa así como revisionista, e reclamaban expresamente a sabotaxe. Eles eran partidarios da acción directa, e a máis directa era impedir a función. E estiveron a piques de logralo xa desde a noite da estrea se, no seu asalto ao pazo do esperpento, non se atopasen, inesperadamente, con aquela heroica viúva do segundo.

Non sei quen é, ignoro o seu nome. En realidade, descoñezoo todo de ela e do seu loito, pero hoxe desde aquí, é o meu deber darlle, publicamente, as grazas e render o meu asombro a esta anónima heroína compostelá. Que os deuses a protexan. Aquel seu xesto merece unha vida. Longuíssima vida para ela.

REPSOL
YPF





MUSEO VÁLLE-INCLÁN
A POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

CONGRESO NACIONAL
LA GALICIA DE
VÁLLE
INCLÁN

del 29 noviembre al 3 de diciembre
2004



Concello de A Pobra do Caramiñal





**CONCELLO DE
VILANOVA DE AROUSA**



Casa - Museo
Ramón del Valle-Inclán

Rúa Luces de Bohemia
Vilanova de Arousa



Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos

ISSN 1698-3971



9 771698 397000

P.V.P

5 €